

PERSONA

Ingmar Bergman, 1966

1665

ESTREA EN NUMAX: 13.01.2026 | V.O.S.E. | 81 min

Elisabeth, unha célebre actriz de teatro, é hospitalizada tras perder a voz durante unha representación de Electra. Despois de ser sometida a unha serie de probas, o diagnóstico é bo mais como segue sen falar debe ficar na clínica. Alma, a enfermeira encargada de coidala, tenta romper o seu mutismo falándolle sen parar.

«Obra mestra. Cinema puro, película que segue viva como a soidade, como o amor, o silencio e a palabra.»

Javier Royo, CINEMANÍA



Na fronteira do cinema

Por Miguel Marías

Persona non pode simplificarse dicindo cousas como «trata o tema do silencio de Deus», nin convertela nun filme relixioso, como se facía anteriormente con Bergman. Porque *Persona* é un filme incomprensible. Por iso é polo que Godard, gran admirador do filme, confesa non comprender absolutamente nada, e que o propio Bergman non poida explicar o seu tema. E é que o que Bergman fixo foi «suspender o sentido», como dicía Roland Barthes ao falar d'*O anxo exterminador*, de Buñuel, o cal significa «desembarazarse de todos os significados parásitos». Esta violación das regras ou convencións do cinema choca cunha obsesión do público e —sobre todo— do crítico, consistente en decretar que un filme ten que significar algo, e que se non se entende nada é que as cousas non son o que parecen senón símbolos doutras.

É posible, con todo, que Bergman non chegase a «suspender o sentido» de modo totalmente consciente, senón que a partir dunha idea inicial moito menos ambiciosa o filme non se lle foi das mans —por mor do seu carácter alucinado— e se lle impuxo. Este proceso, bastante habitual, é o que expresa Rivette cando di que «*Playtime* é un filme revolucionario a pesar de Tati». Esta hipótese parece ser confirmada por unhas palabras do propio Bergman: «sobre numerosos puntos estou indeciso, e unha pasaxe polo menos éme totalmente allea».

Sexa como for, Bergman logrou «borrar as pegadas» da narración a través de dúas operacións fundamentais. Unha delas consistiu en indeterminar todo. Se se confronta o guión inicial de *Persona* co filme acabado, vese deseguido que Bergman suprimiu escenas que indicaban o paso do tempo, quitou diálogos e detalles explicativos e cambiou totalmente a parte final. Ao crebar deste xeito a narración, illando as escenas mediante brucas e indefinidas elipses, era inevitable que o filme non fose fluído. De aí o que, para atraer desde o principio a atención do espectador, Bergman comece o filme cunha serie de imaxes agresivas e inexplicables. A segunda operación que realizou Bergman é tamén unha forma de indeterminación, pero cun matiz moi concreto: mesturar o real e o imaxinario. Como di Susan Sontag, «está na natureza mesma do cinema o conferir a todos os sucesos, se non hai indicacións en sentido contrario, un igual grao de realidade», motivo polo cal os sonhos ou imaxinacións adoitan ir separadas da realidade por algún tipo de corte ou ser cualificados como irrealis pola súa textura visual (tipo de fotografía e iluminación, cámara lenta etc). Pois ben, Bergman trata de igual modo que as reais as escenas que poden parecer imaxinarias e en cambio poden tomarse como indicativos de paso ao irreal algúns detalles como os encadeados e o uso da música xusto antes dalgunhas escenas aparentemente reais. O máis curioso é que Bergman non indica xamais no guión que algunha escena non sexa real. Deste xeito, como sinala Adriano Aprà, «as categorías de real e imaxinario non subsisten xa como categorías racionalmente distinguibles que se exclúen reciprocamente». O principio e o final (en que se ve un proxector que se acende, unha pantalla, unha película), o «corte» que se produce na metade do filme, a aparición da cámara e outros detalles fundamentais proban claramente que o verdadeiro tema de *Persona* é o cinema, sobre o cal toda a película é unha reflexión. Non en balde o título inicial do filme era, precisamente, “Cinematografía”.

(...) Por todo isto, polo seu enmascaramento do sentido, pola violación de todas as regras do cinema clásico, pola perfección que ten dentro dun novo modo de facer cinema, *Persona* colócase —xunto a outros filmes non interpretables, como o *O ano pasado en Marienbad*, algúns de Buñuel e Bresson, *Os paxaros* de Hitchcock; *As margaridas* de Chytilová, *Pierrot o tolo* e *Dúas ou tres cousas que eu sei dela*, de Godard, na fronteira do cinema.